

Listas de Contratación





	CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN		
NOME DO DOCUMENTO:	Manual de usuario	VERSIÓN:	1.0
COD. DO DOCUMENTO:	ARRHH_SELPRO_MU_ManualUsuario_v.1.06		
ELABORADO POR:	Amtega	DATA:	Xuño 2020
VALIDADO POR:		DATA:	
APROBADO POR:		DATA:	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
1.0	Primeira versión	Xuño 2020
1.02	Avisos na elección de postos	Novembro 2020
1.05	Cambio do prazo de elección de postos a dous días	Decembro 2023
1.06	Amosar nova información relativa á contratación do posto	Febreiro 2025

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.



Índice

1. INTRODUCIÓN	4
1.1. Requisitos de Hardware e Software 1.1.1. Hardware 1.1.2. Software	4 4 4
2. ACCESO AO SISTEMA	5
2.1. Acceso á aplicación 2.2. Acceso á aplicación desde o enlace que se envía nunha comunicación	5 7
3. ELECCIÓN DE POSTOS DE CITACIÓNS ACTIVAS	9
3.1. Postos non dispoñibles 3.2. Adxudicación dos postos	15 16
4. PANEL DE INICIO (só dispoñible desde a aplicación)	17
5. XESTIÓN DE CITACIÓNS (só dispoñible desde a aplicación)	19
6. FUNCIONALIDADES COMÚNS	21
6.1. Ficha de citacións	21
6.2. Ficha de postos	
6.3. Consulta de comunicacións	24
6.4. Recordatorio de elección de postos sen realizar	25
6.5. Comunicación de citación anulada	



1. INTRODUCIÓN

O novo sistema de xestión de citacións electrónicas permite ás persoas inscritas nas Listas de contratación xestionar as citacións nas que foron seleccionados co fin de poder cubrir os postos que lles foron ofertados a partir das solicitudes de cobertura temporal demandadas polo persoal correspondente.

O proceso de xestión de cobertura temporal é aquel que permite cubrir a ausencia (xa sexa por vacacións, baixas por It, ...) ou a acumulación de tarefas de certo tipo de persoal de cara a que a Administración poida seguir prestando os servizos de xeito habitual.

Os interesados, a través de este sistema, poderán establecer de forma telemática as súas preferencias sobre os postos ofertados, consultar diversa información asociada ás citacións ou adxudicacións e ver o estado das comunicacións recibidas a través dos canles correspondentes.

1.1. Requisitos de Hardware e Software

1.1.1. Hardware

Non é necesario un hardware específico para a utilización deste sistema excepto a conexión á rede que permita o acceso ao servidor onde se atope instalado.

1.1.2. Software

É necesario ter instalado un dos exploradores de Internet que a continuación se listan:

- Edge 17 ou superior.
- Mozilla Firefox 65 ou superior.
- Google Chrome 72 ou superior.
- Internet Explorer 11 ou superior.
- Safari 12 ou superior.

A aplicación está preparada para que se sexa funcional desde dispositivos móbiles.



2. ACCESO AO SISTEMA

O acceso ao sistema pode darse por dúas vías:

- A través da aplicación web.
- A través dun enlace que se envía na comunicación da cita.

2.1. Acceso á aplicación

Pode acceder á aplicación:

- Desde a páxina web de Función Pública da Xunta de Galicia, na sección de consultas de Listas de Contratación https://www.xunta.gal/funcion-publica/contratacion-temporal/citacions-electronicas
- Poñendo directamente no navegador a dirección web da aplicación: <u>https://listas.xunta.gal/arrhh_selpro/publico/</u>

Cando accedemos a aplicación, o primeiro paso, consiste en identificarse na mesma. Para facer isto poderemos utilizar o noso usuario/contrasinal de Chave 365 e/ou a través de certificado electrónico ou DNIe. O aspecto da pantalla de acceso á aplicación é o seguinte:

				Galego Castellano
LISTAS DE	CONTRATACIÓ	N		XUNTA DE GALICIA
Acceso á aplicaciór	n			
Acceso á a	plicación			
Dende esta aplio	cación poderá consultar	r e xestionar electrónicamente as súas citac	ións electrónicas de Listas de Contratación.	
		365		
			electrónico	
	Chave 365		Certificado dixital ou DNI-e	
	NIF	Contrasinal	Accede co teu DNI electrónico ou mediante certificado	
			dixital	
		ACCEDER CON CHAVE365	ACCEDER CON CERTIFICADO DIGITAL OU DNI-E	
Axuda				
			blicada na Internet pola Xunta de Galicia	galicia

Ilustración 1: Pantalla de acceso á aplicación

• Acceso mediante usuario e contrasinal de Chave 365.

✓ Nif: Permite introducir o usuario de Chave 365



- Contrasinal: Permite introducir a chave de acceso do usuario que se quere identificar na aplicación.
- Botón "Acceder con chave 365": Envía a información introducida co fin de identificar o usuario na aplicación.
- Acceso mediante certificado dixital.
 - Botón "Acceder con certificado dixital": Inicia a identificación do usuario utilizando calquera dos certificados dixitais admitidos pola aplicación.
 - Certificados permitidos:
 - Certificado dixital expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT). http://www.cert.fnmt.es/
 - ✓ DNIe DNI Electrónico. http://www.dnielectronico.es/
- Idiomas.
 - Castellano: cambio o idioma castelán
 - Galego: cambio o idioma galego
- Axuda. Permita consultar información de interese sobre a aplicación.

Unha vez sexa autenticado no sistema, se amosa a interface principal da aplicación na que figuran as funcionalidades ás que ten acceso. Por defecto se amosa o panel de inicio do sistema.

LISTAS DE CONTRATACI	ÓN			E DE	inta Galicia
Inicio Xestión de citacións Elecció) de postos de citacións activas				
Listas de contratación Acceso directo as súas citacións e ad	rudicacións abertas				
CITACIÓNS ABERTAS Ten vostede unha citación atendida	pero pendente de adxudicar. A continuación amósase a primeira que se val	a adxudicar.			
Tipo Electrónica				Z Postos elixidos. Pendente ad	İxudicar
Primeiro día para elixir postos	Lista (L-5-001 -1) CAMAR.LIMPAD.//AXUD.COCIÑA//PRANCHAD.LAVAND.//COSTU		0	Información	
Último día para elixir postos: 14/06/2020	Ámbito (X1507) MUROS(MUROS/CARNOTA/MAZARICOS)		۵	Comunicacións	
			*	Elixir postos	
ADXUDICACIÓNS DE POSTOS A continuación amósanse as súas ú	ltimas adxudicacións de postos				
Tipo Electrónica				X Adxudicad	la a min
Primeiro día para elixir postos in 10/06/2020	Lista (L-5-001 -1) CAMAR.LIMPAD.//AXUD.COCIÑA//PRANCHAD.LAVAND.//COSTU		0	Información	
Último día para elixir postos: 08/06/2020	Ámbito (X1504) CEE(CEE/CAMARIÑAS/CORCUBION/DUMBRIA/FISTERRA/MUXIA/ZAS/VIMIA	IZO)	8	Comunicacións	
			8	Credencial	
🛛 Axuda					
	⊖ Información mantic	a e publicada na Internet pola Xunta de Galicia			galicia

Ilustración 2: Panel de inicio no sistema

As funcionalidades ás que ten acceso son as seguintes:

- Panel de Inicio: informa de maneira resumida ao usuario sobre o estado das citacións abertas, así como a posible adxudicación de postos. Para mais información consulte o apartado <u>Panel de</u> <u>Inicio</u>
- Xestión de citacións: permite a consulta das citacións xeradas para o usuario. Para mais información consulte o apartado <u>Xestión de citacións</u>.
- **Elección de postos**: da a posibilidade de establecer a orde de preferencia para cada un dos postos ofertados pendentes de adxudicar na citación correspondente. Para mais información consulte o apartado <u>Elección de postos</u>.



Ademais terá a súa disposición diversa documentación asociada as citacións e o estado das comunicacións recibidas para cada unha delas.

Se no momento do acceso ten pendente elixir postos de algunha citación o sistema amosaralle un aviso indicando esta circunstancia.

Listas de contratación	×
Ten citacións pendentes de elixir postos	
	Aceptar

Ilustración 3: Aviso de citacións pendentes de elixir postos

2.2. Acceso á aplicación desde o enlace que se envía nunha comunicación

A este sistema tamén se poderá acceder *a través dun enlace persoal* que lle será remitido no momento da notificación da cita correspondente.

A persoa que recibe este enlace web persoal non se ten que autenticar mediante certificado/Chave365 senón que xa o propio enlace recibido da acceso ao sistema de forma autenticada. Soamente se lle pedirá un dato de contraste para asegurar que vostede é o destinatario da citación. O dato de contraste que se lle pide ao usuario é o NIF da persoa.

Cando a cita sexa notificada, vostede recibirá o enlace á citación polos seguintes canles:

- Sistema de Notificacións de Galicia (Notifica). Neste caso terá a súa disposición a notificación pero non o enlace á citación.
- Por SMS con acuse de recibio.
- Por correo electrónico.

Unha vez prema no enlace comentado e previa comprobación do dato de contraste, a pantalla que se amosa ao usuario é a seguinte:



Elección de postos da citación

oltar aos resultados da busca Último día para elixir postos 15/06/2020 Deberá indicar a súa órde de preferencia para cada un dos postos ofertados nesta citación e finalizar a súa elección II Ver como fichas 7 Postos 7 Ordenados 0 Pendentes 0 Rexeitados TITULADO/A SUPERIOR MÉDICO/A 1 â iii 15/06/2020 > 15/09/2020 ♀ (A Coruña) Amosar detailes 0 Rexeitar posto ~ Residencia Asistida De Maiores "volta Do Castro" (s Cobertura temporal de praza vacante o De Com TITULADO/A SUPERIOR PSICÓLOGO/A 2 â (^ 15/06/2020 > 15/09/2020 (A Coruña) Amosar detalles 0 Rexeitar posto × Residencia Asistida De Maiores "volta Do Castro" Cobertura temporal de praza vacante

Ilustración 4: Pantalla de elección de postos

As funcionalidades dispoñibles para este método de acceso son:

- **Elección de postos:** da a posibilidade de establecer a orde de preferencia para cada un dos postos ofertados na citación notificada. Para mais información consulte o apartado <u>Elección de Postos</u>.
- Non terá acceso a ningunha outra funcionalidade do sistema cando accede a través de este método, se desexa utilizar o acceso á aplicación web consulte o apartado <u>Acceso á aplicación</u>.

Actualmente, o prazo para facer a elección dos postos é de dous días naturais desde o día seguinte no que se lle notificou a citación.



?

3. ELECCIÓN DE POSTOS DE CITACIÓNS ACTIVAS

Esta funcionalidade permite ao usuario establecer a súa preferencia sobre os postos ofertados nas citacións nas que está incluído.

Como podo acceder á elección de postos dunha citación

Pode acceder á elección de postos de dúas maneiras diferentes:

- A través do enlace persoal que se lle remitirá cando a citación sexa notificada a través dos canles correspondentes.
 - Recorde que non necesitará autenticarse na aplicación, xa que o enlace de acceso xa o autentica no mesma. So se lle pedirá como dato de contraste o Nif para verificar o acceso.
 - Só poderá facer a elección de postos da citación notificada.
 - Para mais información consulte o apartado <u>Acceso á aplicación desde o enlace que se</u> <u>envía nunha comunicación</u>.
- A través da aplicación web.
 - Na funcionalidade do menú "Elección de postos de citacións activas".
 - Terá que xestionar as citacións por orde de notificación.
 - Para máis información consulte o apartado <u>Acceso á aplicación</u>.

Na funcionalidade da pantalla de inicio, o sistema xa amosa a primeira citación da que debe realizar a elección de postos, dándolle a posibilidade de acceder á mesma.

Na funcionalidade do menú de xestión de citacións, cando obteña algún resultado, poderá acceder a elección de postos da citación correspondente. O sistema só deixa acceder á elección da citación que ten más prioridade (por orde de notificación), en caso contrario amosará o aviso:

Para poder acceder á elección de postos desta citación deberá atender primeiro as citacións notificadas con anterioride.

O aspecto da pantalla cando se accede a funcionalidade é o seguinte:



Último día para elixir postos 15/06/2020

Debera Indicar a xua or	e de preferencia para cada un dos postos ofertados nexta citación e finalizar a súa elección.		
7 Postos 7	Irdenados O Pendentes O Rexeitados		₩ Ver como fichas
1 Posición S	TITULADO, A SUPERIOR MÉDICO, A I SJORZED - 1 SJORZED - 1 SJORZED V. K. Cristin and Medica Materia "India De Castin" (santilage De Composida) Conformative Improvi de prase vezente	@ Amasar detalles	Rewline parts
2 Posidón 😵	TTULADO, A SUFERICA PSLOBLOGU, E 1560/2000 - 1510/07200 V. K. Contra Alethida Da Matere "valua De Caster" (santiage De Composida) Conference interpreti de prare vacante	@ Amoust detailes	Resettor preis
3 Residuon	PENDERAFUITA E 1560/2020 - 11/00/2020 C (A.Contra Alethida De Maloren "velus De Caster" (santiage De Composida) Colorie ver temporal de praze vecante	@ Ansur detailes	Rewitzy pysis
4 ⊗ Pasidán ⊗	PENDERAFUITA E 1566/2020 > 13/04/2020 © (A.Control Advited Da Maleres "redita De Caster" (santiage De Composition) Control une temporal de prane successo	@ Amasar detalles	Resettar preis
5 a Powieków 😌	ADSTENTEJA SOCIAL E 1566/2020 - 15106/2020 Ø (ACSTATU INTERNA AMININA LA MANORE "Velta De Castor" (santiago De Composida) E Composito Interpreti de Pranore successo	@ Amouse detailes	Resettor preis
6 Posidila S	ATS/DLKE E 1506/2020 > 15/04/2020 © (ACONTA AWATA Da Mators "volta De Castor" (santiage De Composida) © Colorum Unitymedi di prasa success	@ Amosar detailes	Resetter preis
7 Salada	TITULADO/A SUPERIOR MÉDICO/A 15/60/2020 > 15/00/2020 Contrata Topological de Matorea Coherrura temporal de praza vacante	@ Amoust detailes	Reading prois

Documentación asociada A continuación poderá descargar o documento asociado á citu Prema aquí para descargar o documento da citación

Ilustración 5: Pantalla de elección de postos

Cada vez que se accede a esta pantalla, o sistema amosa unha guía de axuda cos pasos que debe seguir para completar de forma correcta a elección de postos na citación (Pode ocultar dita guía premendo no botón "Non quero volver a ver esta mensaxe"):



Axuda ×	¢
A continuación indícanse os pasos a seguir para realizar a elección de postos.	
Primeiro paso	
Para ver máis información do posto prema o botón "Amosar detalles"	
Amosar detalles	
Segundo paso	
Indique os postos para os que cumpra os requisitos. Tamén pode indicar os postos que desexa non aceptar (se rexeita un posto pode levar consigo unha penalización).	
Validar requisitos Rexeitar posto	
Terceiro paso	
Ordene os postos segundo a súa preferencia, para facelo, utilice as frechas que atopará en cada posto ofertado.	
Cuarto paso	
Unha vez que ordene ou rexeite os postos prema continuar.	
CONTINUAR COA ELECCIÓN DE POSTOS	
Quinto paso	
Acceda á pantalla de resumo e revise a elección realizada. Marque a casiña de "Declaro que lin e acepto a declaracion responsable"	
Declaro que lin e acepto a declaracion responsable	
Sexto paso	
Unha vez que revise a súa elección de postos e marque a casiña da lectura da declaración responsable, prema en finalizar para confirmar a súa elección.	
FINALIZAR ELECCIÓN DE POSTOS	
Documentación: Manual de usuario Guía de preguntas frecuentes	
Non quero volver a ver esta mensaxe	

Ilustración 6: Pantalla de axuda na elección de postos



A información máis relevante que se presenta nesta funcionalidade é:

- Na cabeceira da pantalla se amosa a data límite para facer a elección de postos na citación.
- Visualizarase unha sección informativa con distintos avisos en amarelo.
- Terá un resumo co número de postos a establecer preferencia, e o número deles que están xa ordenados, pendentes, rexeitados ou non dispoñibles (no caso de que algún posto fora anulado pola administración).
- Ten a posibilidade de visualizar os postos en forma de ficha ou de lista. Para máis información consulte o apartado <u>Ficha de postos</u>.
- Se amosarán todos os postos que están incluídos na citación e un botón para continuar co seguinte paso.



Se foi seleccionado en varias citacións o mesmo día, o sistema amosará agrupados todos os postos das citacións para que estableza a preferencia de forma conxunta.



Se a cobertura dun posto implica a cobertura de outros postos encadeados o sistema amosará o literal "Cadea de Vacacións".

Como teño que facer para establecer a preferencia sobre os postos das citacións

Os pasos a seguir para completar o proceso son os seguintes:



Pode consultar a información detallada do posto premendo no botón "Amosar detalles".



Valide os postos para os que cumpra os requisitos ou indique que prefire ser penalizado antes de que se lle adxudique o posto.

- Para que poida resultar adxudicatario dun posto, nalgúns casos, será necesario que cumpra uns requisitos indispensables asociados ao mesmo. Indique que ten os requisitos mediante o botón "Reúno os requisitos" e marque cada un deles.
- Para indicar que non quere aceptar un posto, preferindo incluso ser penalizado en tal caso, prema no botón "Rexeitar Posto". Neste caso o posto pasará o final da lista de postos. Pode



desbloquea r o posto en calquera momento premendo de novo no botón que neste caso terá o literal "Posto rexeitado".

- Hai postos nos que a pesar de que non sexan seleccionados non implican unha penalización. Estes postos teñen a etiqueta de "Optativo" debaixo da súa descrición.
- Se se trata dun posto con requisitos (informarase no propio posto) que deba reunir e non os reúne, debe rexeitar o posto. Estes postos son optativos, polo que o seu rexeitamento non implicará unha penalización.

Ordene os postos segundo a súa preferencia.

- Pode utilizar as frechas correspondentes.
 - Frechas de cambiar de posición dunha nunha.
 - Frechas de cambiar de posición o final ou o principio.
 - Recorde que os postos rexeitados sempre estará o final da lista.
- Pode escribir directamente a posición desexada co teclado escribindo directamente no recadro de posición.

Continuar coa elección de postos.

 Cando haxa completado a súa preferencia ou rexeitamento sobre todos os postos, habilitaráselle o botón "Continuar coa elección de postos".



4

O sistema amosará un resumo sobre a elección proposta.

Resumo dos postos elixidos
A continuación amósase un resumo dos postos elixidos así como a orde de preferencia. Se está de acordo, prema o botón de confirmación, senón, pode volver á pantalla anterior e modificar a súa elección.
Postos elixidos
Posición 1 A.T.S./D.U.E.
iii 15/06/2020 > 15/09/2020
🖛 Residencia Asistida De Maiores "volta Do Castro" (santiago De Compostela)
Santiago De Compostela (A Coruña)
Posición 2 A.T.S./D.U.E.
👎 Residencia Asistida De Maiores "volta Do Castro" (santiago De Compostela)
Santiago De Compostela (A Coruña)
Posición 3 A.T.S./D.U.E.
iii 15/06/2020 > 15/09/2020
👎 Residencia Asistida De Maiores "volta Do Castro" (santiago De Compostela)
Santiago De Compostela (A Coruña)
Declaración responsable
Declaro que lin e acepto a declaración responsable
Ver declaración responsable
Antes de finalizar a elección de postos fervise o listado de postos elixidos e a sua orde, asi como os rexeitados. Para noder finalizar a elección de nostos é necesario que marrue a casición da declarschón resonnashe
Recorde que a no aceptación dalgún posto pode levar consigo a unha penalización.
Voltar á elección de postos FINALIZAR ELECCIÓN DE POSTOS

Ilustración 7: Pantalla de resumo de elección de postos

Pode volver á pantalla anterior para corrixir algún dato ou finalizar a elección de postos.





O sistema pedirá a confirmación final.

- Por último terá que indicar que leu e acepta a declaración responsable para poder finalizar a elección de postos.
- A declaración responsable está accesible premendo no enlace "Ver declaración responsable" debaixo da marca "Declaro que lin e acepto a declaración responsable". Ó pulsar no enlace se amosa a declaración.

Declaración responsable
🗆 Declaro que lin e acepto a declaración responsable
Ocultar declaración responsable
MAR******** DIA******* MAR******** AXXXX509D, DECLARA QUE NO CASO DE SER ADXUDICATARIO/A DALGÚN DOS POSTOS OFERTADOS:
Que non fun separado/a nin despedido/a en virtude de expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nir me atopo na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
Que posúo as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións e tarefas do posto de traballo. Para estes efectos, comprométome a achegar coa maior brevidade posible, CERTIFICADO MÉDICO OFICIAL ou INFORME DE SAÚDE que acredita que posúo a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas, sendo informado/a de que a incorporación ao posto de traballo estará condicionada á presentación deste certificado ou informe.
Que para os efectos previstos no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, non veño desempeñando ningún posto ou actividades no sector público nin realizo actividades privadas incompatibles ou que requiran recoñecemento de compatibilidade.
Antes de finalizar a elección de postos revise o listado de postos elixidos e a súa orde, así como os rexeitados. Para poder finalizar a elección de postos é necesario que marque a casiña da declaración responsable Recorde que a non aceptación dalgún posto pode levar consigo a unha penalización. Voltar á elección de postos FINALIZAR ELECCIÓN DE POSTOS

Ilustración 8: Declaración responsable

- Premendo no botón "Finalizar elección de postos" darase por rematada dita elección e o sistema amosará unha mensaxe indicativa.
- O sistema tamén xerará un xustificante da elección de postos realizada e enviará dito xustificante nun correo electrónico ó finalizar a elección. Ademais, o xustificante estará dispoñible para a súa descarga na consulta da citación en calquera momento.





Mentres non chegue o día da adxudicación dos postos da citación, ten a posibilidade de cambiar a elección de postos. Desde a consulta da citación poderá facelo.

No caso de que non se teña completado a elección de postos ata o final do proceso confirmando a elección, se cambia de pantalla ou pulsa ao botón de Saír da aplicación, o sistema amosará un aviso indicando que non se completou a elección de postos.

Listas de contratación	×
Todavía non confirmou a elección de postos da citación, se continúa a elección de pos non estará realizada. Prema en "Cancelar" para finalizar a elección de postos	stos
Cancelar	ceptar

Ilustración 9: Aviso elección de postos non confirmada

Tal e como indica o aviso se preme en "Aceptar" continuará coa opción na que teña pulsado e se preme en "Cancelar" continuará na elección de postos.

3.1. Postos non dispoñibles

No intervalo de tempo entre que foi notificado para unha citación e a súa adxudicación, pode que a Administración elimine de oficio un, ou incluso todos os postos da citación, de maneira que:

- Informarase do número de postos non dispoñibles na cabeceira informativa na elección dos mesmos.
- Non se permitirá ordenar nin rexeitar un posto non dispoñible. Se tiña unha orde establecida sobre o mesmo, xa non se terá en conta e visualizarase igualmente sen orde. Chegado o día da adxudicación, non terá efectos no seu estado nas listas as xestións feitas por vostede nos postos non dispoñibles de tal forma que sería coma se nunca lle fose ofertado o posto.
- Asociado a cada posto verase unha etiqueta "Non dispoñible".
- Se todos os postos dunha citación foron anulados, a elección de postos de toda a citación xa non estará dispoñible, polo tanto, non poderá acceder a citación mediante o enlace persoal que recibiu desde os distintos canles de comunicación.
- Cando na aplicación se visualice a ficha dunha citación anulada, amosarase a etiqueta "Anulada".



2 Postos	1 Orden	ados O Pendentes O Rexeitados 1 Non dispoñi	bles		Uer como fichas
1 Posición	♠♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦	Incorporación inmediata Ø Santiago De Compostela (A Coruña) Residencia Asistida De Maiores "volta Do Castro" (santiago De Compostela) Cobertura temporal de praza vacante	 Amosar detalles 	0	Rexeitar posto
Posición	8 0 3 7	FISIOTERAPEUTA	Amosar detalles	0	Non dispoñible

Ilustración 10: Citación con postos non dispoñibles



Atopouse un resutado				Uer como fichas
Tipo Electrónica				😣 Estado: Anulada
Primeiro día para elixir postos 🛗 03/01/2023	Primeiro día para elixir postos Lista 03/01/2023 (I-A-2060 -1) CORPO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN		0	Información
Último día para elixir postos:	Ámbito		8	Comunicacións
	(/			

Ilustración 12: Ficha citación anulada

3.2. Adxudicación dos postos

Chegado o día no que se faga a adxudicación dos postos das citacións nas que está presente:

- Se resulta adxudicatario dalgún posto se lle comunicará por SMS con acuse de recibo.
- Se NON resulta adxudicatario de ningún posto se lle comunicará por correo electrónico.
- A través da aplicación poderá consultar o estado da adxudicación consultando a citación e poderá descargar a documentación correspondentes.
- NON resultará adxudicatario daqueles postos que xa non estean dispoñibles por ser anulados pola Administración.



4. PANEL DE INICIO (só dispoñible desde a aplicación)

O acceso a esta funcionalidade realízase a través do menú **"Inicio"**. Esta funcionalidade será tamén a que se visualice por defecto cando se accede ao sistema da aplicación web (previa autenticación no sistema mediante chave 365 ou certificado dixital/DNIe).

Esta pantalla permitirá ao cidadán ter unha idea xeral sobre as citacións que ten abertas e a adxudicación de postos máis recente.

O aspecto da pantalla cando se accede a funcionalidade é o seguinte:

CITACIÓNS ABERTAS Ten vostede unha citación atendida pero pendente de adxudicar. A continuación amósase a primeira que se vai a adxudicar.		
Lista Lista elixir postos (I-A-210A -1) CORPO FACULTATIVO SUP. DA ADMON. DA XUNTA DE GALICIA, ESCALA DE INSPECCIÓN URBANÍSTICA # Zedrovitzi Antenense	0	Estado: Pendente adxudicar
Amoro Amoro Ultimo dia para (U0000) AMBITO AUTONÓMICO clixir postos: iii 01/03/2021		Comunicacións Eltxir postos Xustificante da elección de postos
ADXUDICACIÓNS DE POSTOS A continuación amósanse as súas últimas adxudicacións de postos		
Tipo Electrónica		8 Adxudicada e min
Primeiro dia para elixir postos Lista Primeiro dia para elixir postos (1,4-03-1) EOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A DE MOTOBOMBA (1,4-03-1) EOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A DE MOTOBOMBA	0	Información
Uttmo ola para extra postos: Antoto 23/02/2021 (FOROL) DISTRITO FORESTALI (FERROL)	۲	Comunicacións
	8	Credencial Xustificante da elerción de nestos

Ilustración 13: Pantalla de inicio

A pantalla está dividida en varios apartados:

Citacións abertas.
 Advudias sión de po

Adxudicación de postos.

Citacións abertas

O sistema informa ao usuario do estado das citacións que ten abertas (pendentes de adxudicar).

- Amosa información do número de citacións atendidas pero pendentes de adxudicar.
 - Serán citacións atendidas aquelas sobre as que o cidadán xa estableceu a súa elección de postos.
- Amosa información do número de citacións pendentes de atender.
 - Serán citacións pendentes de atender aquelas sobre as que o cidadán aínda non estableceu a súa elección de postos.
- Amosa información da primeira citación da que debe realizar a elección de postos ou da primeira que se vai facer a adxudicación.



• Se a persoa non ten citacións abertas, o sistema amosa unha mensaxe indicativa.

CITACIÓNS ABERTAS Ten vostede unha citación atendida pero pendente de adxudicar. A continuación amósase a primeira que se vai a adxudicar.					
Tipo Electrónica Primeiro día para	Lista		0	Estado: Pendente adxudicar	
elixir postos 24/02/2021 Último día para	los (I-A-210A -1) CORPO FACULTATIVO SUP. DA ADMON. DA XUNTA DE GALICIA, ESCALA DE INSPECCIÓN URBANÍSTICA 2021 Ámbito a para (U0000) AMBITO AUTONÓMICO			Comunicacións	
i 01/03/2021				Elixir postos Xustificante da elección de postos	

Ilustración 14: Citacións abertas

Respecto a á información que se amosa da citación, o sistema amosa unha ficha informativa. Para máis información consulte o apartado <u>Ficha de citacións</u>.

Adxudicación de postos

Nesta sección, o sistema amosa ao usuario a adxudicación de postos que teña activa, en caso, contrario, amosa unha mensaxe indicativa.

A	DXUDICACIÓNS DE POSTOS continuación amósanse as súas últimas adxudicaci	óns de postos			
	Tipo Electrónica				X Adxudicada a min
	Primeiro día para elixir postos	Lista (L-4-033 -1) BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A DE MOTOBOMBA	(0	Información
	imo día para elixir postos: Ámbito 25/02/2021 (FERROLL)		[٥	Comunicacións
			ſ	8	Credencial
			ĺ		Xustificante da elección de postos

Ilustración 15: Citacións adxudicada



5. XESTIÓN DE CITACIÓNS (só dispoñible desde a aplicación)

O acceso a esta funcionalidade realízase a través do menú **"Xestión de citacións"**. Esta funcionalidade só está dispoñible cando se accede ao sistema pola aplicación web (previa autenticación mediante chave 365 ou certificado dixital/DNIe).

Esta pantalla permite ao cidadán consultar as citacións nas que foi incluído. O sistema pon a súa disposición unha serie de filtros para facer unha busca a medida se o desexa.

O aspecto da pantalla cando se accede a funcionalidade é o seguinte:

					1 A				
Primeiro dia para elixir postos		-			Ultimo dia para elixir po	ostos		-	
Inicio		Fin			Inicio			Fin	
29/05/2020	=	10/06/2020			dd/mm/aaaa			dd/mm/aaaa	
Lista									
Código					Descrición				
L 0 5	• 001		• 1	٠	CAMAR.LIMPAD.//AXUD.COCIÑA	//PRANCHAD.LA	VAND.//COSTU		
Á-r-hite									
Código		Descrición							
Coulgo		Forelle unbe contée							
Escolla unna opcion	-	Escolla unna opcion							
Tipo de citación					Estado da citación				
Citación orixe electrónica				¢	Notificada				
									Limpiar
ope 2 resutado									Ver como
ipo lectrónica								🛛 🛛 🛛 🛛 🛛 🛛 🛛 🖉	
Primeiro día para elixir postos Lista m 09/06/2020 (L-S-001-1) CAMAR LIMRAD //AXUD COCIÑA//RRANCHAD LAVAND //COSTU				l ſ	0	Información			
Último día para elixir postos: Ámbito						-			
ltimo día para elixir postos:	14/06/2020 (X1507) MUROS(MUROS/CARNOTA/MAZARICOS)							O	

Ilustración 16: Xestión de citacións

A pantalla está dividida nas seguintes seccións

Filtros da busca.
 Resultados da busca.

Filtros de busca

- O usuario pode establecer os filtros que desexe para facer unha busca a súa medida.
 - Datas de elección de postos.
 - Datos de lista e ámbito.
 - Tipo e estado de citación.
- O usuario pode ocultar ou amosar os filtros de busca mediante o botóns "Amosar"/"Ocultar".
- Mediante o botón "Limpar" pode restablecer os filtros utilizados.
- Premendo no botón "Buscar" o sistema amosará as citacións atopadas en base aos filtros



utilizados.

Resultados da busca

- A aplicación amosa nesta sección as citacións atopadas en base aos filtros utilizados polo usuario.
- Pode visualizar os datos de dúas formas diferentes:
 - Tipo ficha.
 - Tipo Lista.
 - Para máis información consulte o apartado <u>Ficha de citacións</u>.

Por defecto, cando accede á funcionalidade de xestión de citacións, o sistema xa fai unha busca predeterminada.



6. FUNCIONALIDADES COMÚNS

Desde as diferentes funcionalidades da aplicación se ten acceso á seguinte información

6.1.Ficha de citacións

Pode consultar a información das citacións nun formato de ficha/lista desde as seguintes funcionalidades:

- Panel de inicio da aplicación.
- Xestión das citacións.

CITACIÓNS ABERTAS Ten vostede unha citación atendida pero pendente de adxudicar. A continuación amósase a primeira que se vai a adxudicar.					
Tipo Electrónica Primeiro día para	Lista		0	Estado: Pendente adxudicar	
elixir postos 24/02/2021 Último día para elixir postos:	(I-A-210 - 1) CORPO FACULTATIVO SUP. DA ADMON. DA XUNTA DE GALICIA, ESCALA DE INSPECCION URBANISTICA Ámbito (U0000) AMBITO AUTONÓMICO			Comunicacións Elixir postos	
■ 01/03/2021				Xustificante da elección de postos	

Ilustración 17: Ficha da citación

- Información da ficha a destacar:
 - Tipo de citación: Electrónica.
 - ✔ Datas mínima e máxima para establecer a elección de postos na citación.
 - Lista e ámbito. No caso de que a citación teña conxuntamente postos ofertados doutra lista/-s notificada o mesmo día amosarase un botón para consultar as mesmas.
 - Etiqueta que indica se está pendente de facer a elección de postos ou xa foi realizada.
 - Información detallada da citación. Prema no botón "Información":



Datos da	a citación					
Detalle da info	ormación e dos postos ofertados na citación					
CITACIÓN Primeiro día p d 24/02/202: Tipo: Electrónica	l para elixir postos 1	Último día para elixir postos al 01/03/2021 Estado Estado: Pendente adxudicar Consultar detaile das comunicacións				
;Atenció Xa realizou	ón! a elección da orde de prelación dos postos da citación					
Aínda non s	se realizou a adxudicación					
Esta citac	tión ten 3 Postos		Uer como fichas			
1 Posición	ALS_/DULE. Instruk_2020 > 15/09/2020 Statusp De Composeda (A Corunka) Residence A Jacka De Maiores "volta Do Castro" (santiago De Composeda) Cobertura temporal de praza vocante		Non advudicado			
2 Posición	A.T.S./D.U.E. Stofe/2020 > 15/09/2020 Social Social Composition (A Corula) Residence Sandable Meximes" volta Do Cestro" (sertisgo De Compositela) Cobertura temporal de praza vecante		Non adxudicado			
3 Posición	A.T.S./D.U.E.		Non adxudicado			
Documen Descargar o de Descargar o xu	Documentacion asociada Descargar o documento da citación Descargar o xustificante da elección de postos realizada o día 24/02/2021 ás 17:24					

Ilustración 18: Pantalla de información detallada da citación.

Nesta pantalla verá o estado da citación, os postos incluídos nela, e un acceso as comunicacións da mesma.

Para máis información sobre a consulta dos postos ver o apartado Ficha de postos.

Para máis información sobre a consulta das comunicacións ver o apartado Consulta de comunicacións.

✔ Comunicacións. Prema no botón "Comunicacións".

Para máis información sobre a consulta das comunicacións ver o apartado Consulta de comunicacións.

Elixir Postos. Prema no botón "Elixir postos"

Para máis información sobre a consulta das comunicacións ver o apartado Elección de postos.

Ademais, no apartado de documentación asociada poderá descargar a documentación asociada á citación:

- Documento de citación
- Xustificante de elección de postos (soamente se xa realizou a elección de postos)

6.2. Ficha de postos

Pode consultar a información dos postos ofertados nun formato de ficha/lista desde as seguintes funcionalidades:



- Consulta das citacións.
- Elección de postos.



Ilustración 19: Ficha de postos

- Información da ficha a destacar:
 - Número de preferencia sobre o posto.
 - Se estableceu xa unha preferencia sobre os posto aparecerá a súa orde.
 - Se non estableceu a preferencia sobre o posto ou o rexeitou aparecerá o símbolo "-".
 - Desde a funcionalidade de elección de postos aparecerán as frechas de que permiten posicionar os postos dentro da citación.
 - Se o posto foi rechazado se amosará unha etiqueta informativa.
 - Descrición do posto a cubrir.
 - Datas de inicio e fin de cobertura (se aplica).
 - Localización do posto.
 - Información adicional sobre a contratación do posto.
 - Amosar máis detalles do posto:
 - Lista.
 - Ámbito.
 - Código e descrición do posto.
 - Período estimado de cobertura.
 - Información detallada do posto. Premer no botón "Máis información".
 - A destacar que desde este apartado pode ver se o posto na citación ten carácter vacante ou non.



Datos do posto	
Información do posto segundo os datos presentes na RPT actual	
BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A DE MOTOBOMBA	
Código do posto:	Grupo:
MRC995012332240034	D
Consellería:	Nivel
MEDIO RURAL	19
Centro directivo	Centro Destino:
SERVIZOS PERIFÉRICOS	COMARCA FORESTAL: TERRA DE CELANOVA
Localidade (Provincia):	
CELANOVA (OURENSE)	
Información adicional do posto	
HORARIO ESPECIAL	
Información sobre a cobertura	
Información sobre a cuertaria Deríoda estimada de centrate: lecensoración inmediata	
Chammento como non vacante	
Posto reservado a un titular. Si	
Motivo da cobertura: Substitución por incapacidade temporal	
Observacións sobre a contratación: Información adicional sobre a contratación	
	Voltar á elección de postos

Ilustración 20: Información detallada do posto

6.3. Consulta de comunicacións

Pode consultar a información das comunicación que recibiu respecto as citacións desde:

- Consulta das citacións.
- Pantalla de inicio da aplicación.
- Xestión das citacións.

Cando accede á funcionalidade, o aspecto da pantalla é o seguinte:



Datos das comunicacións da citación

A continuación pode consultar o detalle das comunicacións asociadas á citación

CITACIÓN Primeiro día para elixir postos # 09/06/2020	Último día para elixir postos 🗰 14/06/2020
Tipo: Electrónica	Estado 📓 Postos elixidos. Pendente adxudicar
	Consultar detalle desta citación
Comunicacións asociadas á citación NOTIFICA PUESTA DISPOSICION Data	
SMS SMS ENVÍO COMPLETADO Data	
MAIL EMAILENVIADO Data	

Ilustración 21: Pantalla de comunicacións

- Pode consultar o detalle da citación.
- Pode consultar as comunicacións asociadas á citación e a adxudicación
 - Estado da notificación pola canle do Sistema de Notificacións de Galicia (Notifica)
 - Estado da notificación pola vía de SMS.
 - Estado da notificación por correo electrónico.

6.4. Recordatorio de elección de postos sen realizar

O sistema realiza un envío de correos electrónicos de recordatorio de elección de postos sen realizar a aquelas persoas que están citadas e non realizaron a elección de postos.

6.5. Comunicación de citación anulada

O sistema realiza un envío de correos electrónicos a aquelas persoas que se vexan afectadas pola anulación por parte da Administración de todos os postos dunha citación. Informarase de que a elección de postos da citación na que foi citado no día que corresponda xa non está dispoñible.